

## XXII Campionato Galego de Percorridos de Caza

### Antonio Iglesias Campión Galego

O pasado domingo día 5 de xullo disputábase nas instalacións deportivas da Sociedade Río Sar a XXII edición do Campionato Galego de Percorridos de Caza no que se deron cita un total de 77 tiradores.

Organizado pola FGC e en colaboración coa Sociedade Deportiva Río Sar comenzaba a primeira hora da mañán a proba que se disputaría a 150 pratos divididos en seis campos. Despois de que a xornada transcorrera sen nada reseñable chegou o momento de coñecer a clasificación final na que unha vez máis atopamos a Antonio Iglesias Otero no máis alto do caixón, conseguendo escachar un total de 131 pratos. Cabe destacar o bon momento de forma que atravesa o tirador santiagués que ven de acadar un meritorio cuarto posto no Campionato de España de Compak Sporting.

No segundo posto, cos mesmos pratos escachados, quedou Manuel García Pombo e xa en terceiro lugar e con 127 pratos Diego Antelo Noya.

Na categoría de xuveniles acadou o primeiro posto o pontevedrés Martín Muiños Rodríguez con 99 pratos e en donas Belina García Curras con 78 pratos escachados. En veteranos gañaba Antonio Castro Ferreiro con 112 pratos e en superveteranos Fernando Corbas con 94.

A Selección Galega que participará no Campionato de España da modalidade, quedou formada polos seguintes tiradores: Antonio Iglesias Otero, Manuel García Pombo, Diego Antelo Noya, Ángel Mosquera Cornide, Ángel Mosquera Rodríguez e Martín Muiños Rodríguez.

